



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201100012788
13/06/11 13:32:07

RESOLUCIÓN REITORAL DO 13 DE XUÑO DE 2011 POLA QUE SE ESTABLECEN AS EXENCIONS, AXUDAS E SUBVENCIONS DE PREZOS PÚBLICOS POR SERVIZOS ACADÉMICOS NA UNIVERSIDADE DE VIGO

A Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladora da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do día 11), na exposición que fai sobre prezos públicos no seu capítulo 2º do título II, non recolle a posibilidade de exencións.

Pola súa banda a disposición adicional 19 da LOU, recollida na Lei 4/2007 establece que calquera redución de taxas universitarias regulada pola Administración competente será compensada anualmente nos orzamentos da universidade mediante transferencias.

En consonancia, estímase conveniente establecer un sistema de axudas con cargo ao orzamento da universidade para facilitar o estudo ao persoal que presta os seus servizos nela.

Así mesmo, verbo doutras entidades públicas ou privadas, fíxase a posibilidade de recoñecer aos seus membros as axudas ao estudo en función dos convenios que se asinen.

Para a aplicación da normativa que se presenta terase en conta o Decreto anual da Xunta de Galicia polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais do ensino universitario para cada curso.

Por todo o exposto e en virtude das competencias que ten asignadas,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Ditar a seguinte normativa de exencións, axudas e subvencións de prezos públicos por servizos académicos na Universidade de Vigo, suxeita ás seguintes normas:


PRIMEIRA. Exencións:

1.1. Beneficiarias e beneficiarios

Estará exento de pagamento dos prezos públicos correspondentes aos servizos académicos quen estea nalgún dos seguintes casos recoñecidos legalmente:

1.1.1. Familias numerosas

Queda exento do pagamento por servizos académicos e pola expedición do título universitario oficial quen teña recoñecida a condición de membro de familia numerosa de categoría especial.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Terá unha exención do 50% polos mesmos servizos que os que se indican no parágrafo anterior, quen teña recoñecida a condición de membro de familia numerosa de categoría xeral.

A condición de familia numerosa acreditarase mediante documento expedido pola Administración autonómica competente, que deberá estar vixente no prazo de matrícula fixado pola universidade.

1.1.2. Discapacidade

Quen teña recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior ao 33%, terá exención do pagamento polos servizos académicos, regulados no decreto anual da Xunta de Galicia polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais de ensino universitario para cada curso.

1.1.3. Vítimas de actos terroristas

Quen sexa vítima de actos terroristas ou quen sexa filla ou fillo ou cónxuxe non separado legalmente de persoa falecida ou ferida en acto terrorista, terá exención do pagamento polos servizos académicos, regulados no decreto anual da Xunta de Galicia polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais de ensino universitario para cada curso.

A condición de vítima de acto terrorista acreditarase, de conformidade co disposto no artigo 4 bis, punto 3º, da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo, mediante o informe preceptivo do Ministerio do Interior, ou ben mediante o recoñecemento por parte da Administración Xeral do Estado de pensión extraordinaria por acto de terrorismo, ou por sentenza xudicial firme. Esta documentación deberá presentarse, necesariamente, no prazo de matrícula fixado pola universidade para que teña eficacia, segundo dispón o artigo 5.2º da mesma lei.

1.1.4. Violencia de xénero


Quen sufra violencia de xénero, terá exención do pagamento polos servizos académicos, regulados no Decreto anual da Xunta de Galicia polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais de ensino universitario para cada curso.

A situación de violencia de xénero será acreditada por calquera das seguintes formas:

- a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuña ou copia autenticada pola ou polo secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a persoa sufriu violencia de xénero.
- c) Certificación dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- d) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública, autonómica ou local.
- e) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- f) Calquera outro que se estableza regulamentariamente.

1.1.5. Bolseiras e bolseiros

De conformidade co establecido no Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro (BOE do 17 de xaneiro de 2008), modificado polo Real Decreto 708/2011, de 20 de maio (BOE do 21



de maio), polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, o alumnado que reciba unha bolsa de estudos con cargo aos orzamentos xerais do Estado non estará obrigado a pagar o prezo polos servizos académicos, coa seguinte excepción: nos estudos das ramas de arquitectura e enxeñaría a bolsa de matrícula non cubrirá o importe dos créditos que se matriculen por cuarta ou sucesivas veces; nas demais titulacións a bolsa de matrícula non cubrirá o importe dos créditos que se matriculen por terceira e sucesivas veces.

1.1.6. Matrícula de honra

As bonificacións correspondentes á aplicación dunha ou varias matrículas de honra, levarase a cabo logo de facer o cálculo da matrícula, e no caso das ensinanzas LRU ou de grao, aplicaranse ao número de créditos correspondentes á disciplina ou materias nas que obtivo a matrícula de honra.

O alumnado con matrícula de honra global en 2º curso de bacharelato, con premio extraordinario no bacharelato ou no ciclo superior de formación profesional, terá dereito, durante o primeiro ano e por unha soa vez, á exención total do pagamento dos prezos públicos por matrícula. En caso de anulación total da matrícula, poderá volver a utilizar esta exención.

1.2. Procedemento

- a) Deberá presentarse a correspondente documentación acreditativa de exención en vigor, dende a formalización da matrícula ata os 10 días seguintes ao remate do período de matrícula, no centro correspondente.
- b) De achegar a documentación correcta, a matrícula terase en conta conforme á exención solicitada.
- c) O persoal das secretarías dos centros procederá á revisión da documentación. De detectarse a súa falta ou erros nela, procederase a eliminar o motivo da exención, pasando a considerarse matrícula ordinaria e procederase á reclamación das taxas correspondentes. Esta modificación do tipo de matrícula efectuarase sen necesidade de notificar dito cambio, sendo suficiente notificación para estes efectos a información que se especifica no anexo II da convocatoria de matrícula sobre a documentación a presentar.
- d) No caso de non atender á reclamación de pago, aplicarase o procedemento establecido no caso de impago de matrícula e procederase ao arquivo da matrícula.

SEGUNDA: Axudas e subvencións:

2.1. Persoal da Universidade de Vigo

2.1.1. Titulares e persoas beneficiarias da exención do pagamento

2.1.1.1. Titulares

É titular do dereito á percepción das axudas para o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos, o persoal que presta os seus servizos na Universidade de Vigo e que a seguir se relaciona:

- 1) Persoal funcionario de carreira pertencente aos corpos docentes universitarios, destinado na Universidade de Vigo.
- 2) Persoal docente da Universidade de Vigo interino ou contratado que preste servizos na Universidade de Vigo, percibindo retribucións **con cargo ao capítulo I** do orzamento da mesma.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

- 3) Persoal funcionario de carreira ou interino de corpos ou escalas que presten os seus servizos como persoal de administración e servizos na Universidade de Vigo.
- 4) Persoal fixo ou temporal, que preste servizos na Universidade de Vigo, percibindo retribucións **con cargo ao capítulo I** do orzamento da mesma.
- 5) O persoal que se relaciona nos apartados anteriores que acadara a xubilación no desempeño do seu posto na universidade.

O persoal referido nos catro primeiros apartados deberá atoparse na situación de servizo activo ou servizos especiais ou ben excedencia por coidado de filla ou fillo ou maiores dependentes. **Cando a súa situación sexa a de servizo activo deberá estar prestando servizo na universidade no prazo establecido para a matrícula.**

Xa que estas situacións administrativas son propias do persoal funcionario, entenderase respecto aos restantes tipos de persoal recollidos neste apartado 2.1.1.1 que poden ser consideradas ou considerados titulares dos dereitos recollidos nesta Resolución Reitoral cando se atopen nos supostos de feito que a normativa de función pública recolle como xeradoras da situación e servizos especiais e servizo activo.

2.1.1.2. Persoas beneficiarias

Son beneficiarias e beneficiarios do dereito das axudas para o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos e deberán acreditar a súa relación con quen sexa titular:

- a) A ou o cónxuxe ou persoa que acredite análoga relación e as fillas e fillos de caiqueira dos dous.
- b) As e os menores de idade acollidos pola persoa titular de xeito "permanente" ou "preadoptivo".
- c) A ou o cónxuxe e as fillas e fillos da persoa titular do dereito que falecese en servizo activo ou que acadase a xubilación no desempeño do seu posto na Universidade de Vigo.

En todos os casos as fillas e fillos das persoas titulares, para seren beneficiarias e beneficiarios, non poderán ter cumpridos, no prazo establecido para a matrícula, os 28 anos no caso de estudos de primeiro ou segundo ciclo, de grao e posgrao, e os 33 anos nos estudos de terceiro ciclo.

2.1.2. Obxecto das axudas por prezos de matrícula realizada en titulacións oficiais impartidas na Universidade de Vigo.


As persoas titulares e beneficiarias terán dereito á percepción de axudas por servizos académicos en estudos conducentes á obtención de titulacións nos tres ciclos do ensino universitario. A axuda para estudos abarcará soamente as materias necesarias para superar a titulación.

Os colectivos subliñados estarán exentos na primeira, segunda, terceira e sucesivas matrículas.

2.1.3 Xustificación documental.

2.1.3.1. Titulares

Non terán que presentar documentación acreditativa, as e os titulares do dereito que sexan persoal da Universidade de Vigo.



2.1.3.2. Persoas beneficiarias

Todas as persoas beneficiarias das axudas deberán presentar a documentación que acredite a súa relación coa persoa titular, que poderá ser:

- Fotocopia compulsada de todas as follas do libro de familia onde figure edición, serie e número do titular do dereito e beneficiarias e beneficiarios.
- No caso das persoas que convivan maritalmente deberán achegar certificado de convivencia ou empadramento ou, nos supostos de parellas de feito, certificado expedido polo concello, ou copia da certificación emitida polo Rexistro de parellas de feito.

Esta documentación poderase achegar escaneada mediante correo electrónico á secretaría do centro que corresponda á titulación na que se matricule, ou acudindo persoalmente ás dependencias da mesma.

2.2. Persoal das Universidades da Coruña e Santiago de Compostela

2.2.1. Titulares e persoas beneficiarias da exención do pagamento

Son titulares e beneficiarias e beneficiarios do dereito á exención do pagamento dos prezos públicos por servizos académicos, o persoal con destino nas Universidades da Coruña e Santiago de Compostela, para as matrículas que formalicen na Universidade de Vigo sempre que reúnan os requisitos establecidos para o persoal da Universidade de Vigo e nos mesmos termos que ten recoñecido este persoal.

A aplicación desta resolución ao persoal das Universidades da Coruña e de Santiago de Compostela, estará suxeita ao principio de reciprocidade de compensación ou reintegro á Universidade de Vigo por parte destas institucións.

2.2.2. Xustificación documental

Tanto titulares como persoas beneficiarias das axudas para o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos, deberán presentar certificado acreditativo da súa condición de persoal que presta os seus servizos na Universidade da Coruña ou de Santiago de Compostela expedido polo órgano competente.

2.3.- Persoal doutras universidades


O persoal doutras universidades non indicado expresamente nesta resolución poderá ser beneficiario da axuda para o pagamento dos prezos públicos por servizos académicos, consonte o que establezan os convenios ou acordos que sometidos a reciprocidade ou compensación poida asinar a Universidade de Vigo con esas universidades e que se relacionan no Anexo I desta resolución.

2.4.- Persoal doutras administracións

O persoal doutras administracións non referenciadas expresamente nesta resolución poderá ser beneficiario das axudas por matrícula, consonte o que establezan os convenios ou acordos que sometidos a reciprocidade ou compensación polos ingresos deixados de percibir, poida asinar a Universidade de Vigo con esas administracións.

2.5. Procedemento

- a) No momento da matrícula, as persoas interesadas deberán indicar no tipo de matrícula a súa condición de titular ou persoa beneficiaria.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

- b) Deberá presentarse a correspondente documentación acreditativa de exención en vigor, dende a formalización da matrícula ata os 10 días seguintes ao remate do período de matrícula, no centro correspondente.
- c) De achegar a documentación correcta, a matrícula terase en conta conforme á exención solicitada.
- d) O persoal das secretarías dos centros procederá á revisión da documentación. De detectarse a súa falta ou erros nela, procederase a eliminar o motivo da axuda ou subvención, pasando a considerarse matrícula ordinaria e procederase á reclamación das taxas correspondentes. Esta modificación do tipo de matrícula efectuarase sen necesidade de notificar dito cambio, sendo suficiente notificación para estes efectos a información que se especifica no anexo II da convocatoria de matrícula sobre a documentación a presentar.
- e) No caso de non atender á reclamación de pago, aplicarase o procedemento establecido no caso de impago de matrícula e procederase ao arquivo da matrícula.

En caso de calquera dúbida respecto das certificacións, a secretaría de alumnado do centro consultará co Servizo de alumnado.

2.6. Modificación da concesión

A concesión desta axuda poderá ser modificada no caso de ser concedida a persoas que non reúnan algún ou algúns dos requisitos establecidos, non os acrediten debidamente, ou cando exista incompatibilidade con outros beneficios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas.

Co obxecto de non iniciar o procedemento de reintegro, a persoa interesada poderá aboar os prezos por servizos académicos no prazo de 10 días dende a recepción da carta de pagamento. De non facelo efectivo iniciarase o procedemento de reintegro.

TERCEIRA: Prezos que non serán obxecto de exención, axuda ou subvención:


En ningún caso serán obxecto de exención, axuda ou subvención, salvo a excepción indicada no apartado h), os importes que se reporten por servizos administrativos como:

- a) apertura de expediente
- b) expedición e mantemento da tarxeta de identidade
- c) soporte e documentación da matrícula
- d) seguro escolar
- e) expedición de certificacións académicas
- f) tramitación de traslado de expediente a outras universidades
- g) probas de acceso
- h) expedición do título universitario oficial (esta exención será aplicable a persoas beneficiarias de familias numerosas)
- i) calquera outro acto que non sexa obrigatorio para acadar título oficial.

DISPOSICIÓN FINAIS:

PRIMEIRA: Calquera dúbida que se suscite na aplicación e interpretación deste acordo, correspóndelle resolvela á Secretaría Xeral desta universidade.

SEGUNDA: Quedan sen efecto, a partir do curso académico 2011/12:



UNIVERSIDADE
DE VIGO

- Resolución Reitoral do 13 de xuño de 2003 (data de rexistro de saída do 18/06/2003), reguladora de axudas e subvencións de prezos públicos por servizos académicos na Universidade de Vigo.
- Instrución de Xerencia (sobre a resolución anterior) do 23 de xuño de 2007, con número de rexistro 200700013648 e data de saída 23/06/2007.
- Resolución Reitoral do 16 do xaneiro de 2008, con número de rexistro 200800000928 e data de saída 16/01/2008.

TERCEIRA: A presente resolución entrará en vigor ao día seguinte da data de rexistro de saída.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a súa publicación, de conformidade coa Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, e de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán, previamente, interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, tamén a contar desde o día seguinte á súa publicación, perante este órgano.


Vigo, 13 de xuño de 2011

O REITOR,



Salustiano Mato de la Iglesia

VICERREITORA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA, PROFESORADO E TITULACIÓNS
VICERREITOR DE ALUMNADO, DOCENCIA E CALIDADE
VICERREITOR DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
SECRETARIA XERAL
DECANAS E DECANOS E DIRECTORAS E DIRECTORES DE TODOS OS CENTROS
XEFA DO SERVIZO DE ALUMNADO
XEFE DO SERVIZO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
XEFE DO SERVIZO DE CONTROL INTERNO
XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS DE XESTIÓN
DIRECTORA DE ÁREA DE XESTIÓN ACADÉMICA
ADMINISTRADORAS E ADMINISTRADORES DE CENTROS
XEFA DA SECCIÓN DE ADMISIÓN E XESTIÓN DE ALUMNOS
XEFA DA SECCIÓN DE TÍTULOS E PLANS DE ESTUDO
XEFA DA SECCIÓN DE BOLSAS
XEFE DA SECCIÓN DE POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA
XEFAS E XEFES DE ADMINISTRACIÓN OU ÁREA ACADÉMICA DE TODOS OS CENTROS
RESPONSABLES DOS REXISTROS
XEFAS E XEFES DAS ÁREAS DE SERVIZOS Á COMUNIDADE
XEFA DO NEGOCIADO DE INFORMACIÓN XERAL



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ANEXO I

(Anexo á resolución reitoral de 13 de xuño de 2011 sobre "Exencións, axudas e subvencións de prezos públicos por servizos académicos na Universidade de Vigo").

1.- Persoal doutras Universidades

Non existe actualmente convenio sobre gratuidade de prezos académicos con ningunha outra Universidade, a non ser as do distrito universitario galego.

2.- Persoal doutras Administracións

Non existe actualmente ningún convenio vixente entre a Universidade de Vigo e outras Administracións distintas das anteriormente mencionadas.